



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Financiado pola Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
(FEMP)

CRITERIOS DE VALORACIÓN DE PROXECTOS

GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO NORTE

Criterios de valoración dos proxectos. ANTECEDENTES

Os criterios de valoración dos proxectos diferéncianse en función da súa tipoloxía entre produtivos e non produtivos. O FEMP e as súas normas de desenvolvemento establecen una serie de límites de axuda que non se poderán superar, en termos cuantitativos e porcentuais, que se complementan cos límites que se establecen a nivel da estratexia.

Os límites e porcentaxes de financiamento das operacións estarán supeditados ás condicións que establece o regulamento de disposicións comúns (RDC 1303/2013) en relación á subvencionabilidade do gasto e a súa durabilidade (art. 65 e seguintes). Respetaranse as disposicións establecidas no regulamento do FEMP, en relación á determinación das porcentaxes de cofinanciación (Art 94 e seguintes).

Cómpre indicar que respectarán tamén os límites fixados na Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas pola Consellería do Mar aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2016.

Tamén se terá en conta o establecido no Regulamento 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado ás axudas de mínimos. Os proxectos que se amparen no citado regulamento de mínimos (D.O. L532 do 24/12/2013), aplicaranse as porcentaxe anteriores e limitaranse a un máximo de 200.000€ por promotor durante un período de tres exercicios fiscais.

No caso de proxectos vinculados ás medidas incluídas nos capítulos I, II e IV do título V do Regulamento do FEMP, agás os artigos 66 e 67, debe de xustificarse claramente a súa xestión a escala local. Cando se conceda axuda para estes proxectos respectaranse os criterios establecidos para as medidas en cuestión.

A regra xeral implicará un tope de financiamento do 50%. Malia todo, teranse en consideración as seguintes excepcións á hora de determinar o grao de financiamento dos proxectos.

O réxime de axudas está baixo os criterios de concorrencia competitiva, o cal implica a necesidade de establecer uns criterios que valoren o alcance dos proxectos a financiar.

A selección de proxectos priorizarase en función da puntuación máis elevada que se obteña en relación a unha serie de criterios.

Os mesmos agrúpanse en dous tipos:

- Criterios excluíntes
- Criterios de valoración

Os criterios excluíntes son unha serie de factores que van a afectar a todos os proxectos e que son criterios que é necesario cumprir tanto no caso dos proxectos produtivos coma dos non produtivos: a viabilidade técnica, a viabilidade económica e financeira, a coherencia do proxecto coa EDLP, a ubicación do proxecto no territorio, e a adecuación á normativa sectorial. Este dous últimos criterios non puntuarían nos baremos, xa que serían causas de non admisibilidade dos propios proxectos en caso de non seren cumpridos.

Os proxectos deben estar localizados no ámbito territorial que abrangue o GALP, é dicir, que a entidade ou persoa solicitante teña o seu domicilio social ou estea empadroadada en calquera dos concellos que pertenza ao GALP. Hai que indicar que no caso de municipios densamente poboados, como o de Ferrol, só poderán optar a financiamento do programa os integrantes do sector pesqueiro e as súas familias, segundo o establecido a nivel normativo. Os proxectos deben desenvolverse no mesmo ámbito territorial. Os proxectos deben de axustarse á normativa sectorial que lles resulte de aplicación, sexa de carácter local, autonómica, estatal ou comunitaria.

Criterios excluíntes.

CRITERIOS EXCLUÍNTES	
Viabilidade técnica.	A solicitude de admisión do proxecto virá acompañada dunha documentación que acredite a solvencia do proxecto dende o punto de vista técnico. Terase en conta a experiencia da persoa ou entidade que promove o proxecto na posta en marcha de iniciativas semellantes, os medios humanos e físicos dos que vai a dispor ou a coherencia do proxecto para a súa posta en marcha. Para acreditar a viabilidade terase en conta información procedente do Plan de Empresa ou Plan de Xestión, ou ben outros documentos, anteprojectos, ou memorias de carácter técnico, nos cales conste a posibilidade de poder executar a iniciativa respectando os requirimentos dende o punto de vista normativo (urbanístico, ambiental,...). Este criterio é excluínte, polo cal se requirirá unha puntuación mínima.
Viabilidade económica e financeira	Revisaranse os criterios de viabilidade económica e financeira, analizando conceptos como a taxa interna de rendibilidade (TIR), o valor actual neto (VAN), a rendibilidade económica e financeira. Estes conceptos analizaranse tendo en conta a documentación que se presente, entre eles as contas provisionais para 5 anos (contas de perdas e ganancias e balances provisionais), así como, aquelas certificacións bancarias, certificados de entidades ou institucións ou declaracións persoais que poidan acreditar a solvencia financeira da persoa ou entidade promotora. Para analizar a viabilidade do proxecto usarase a información que conste no Plan de Empresa. Para poder acceder ao financiamento do FEMP requirirase unha puntuación mínima, que de non acadarse implicaría a desestimación do proxecto. É necesario puntualizar que no caso dos proxectos non produtivos só se terá en conta a viabilidade financeira do proxecto, podéndoa acreditar co correspondente certificado bancario, ou certificado emitido pola correspondente entidade ou institución que solicite o proxecto.
Coherencia do proxecto coa EDLP	A principal finalidade que figure no proxecto deberá adecuarse aos obxectivos establecidos no Plan de Acción da estratexia, e por tanto, no FEMP. Este criterio é excluínte polo que se requirirá unha puntuación mínima para que o proxecto obteña financiamento. Terase en conta a coherencia do proxecto en relación ás necesidades e debilidades diagnosticadas no territorio e en relación ás potencialidades ou oportunidades, que se formularon á hora de realizar o diagnóstico (DAFO). Tamén se verá o seu grao de adaptación aos retos e obxectivos que se definiron na estratexia, así como o reforzo das actividades ou empregabilidade de recursos da zona, a súa horizontalidade, entre outros.

Puntuacións de referencia para os criterios excluíntes na valoración dos proxectos.

PUNTUACIÓNS SOBRE OS CRITERIOS EXCLUÍNTES				
	PRODUCTIVOS		NON PRODUCTIVOS	
CRITERIOS	MÍNIMA	MÁXIMA	MÍNIMA	MÁXIMA
Viabilidade técnica	2	5	2	5
Viabilidade económica	3	5	-	-
Viabilidade financeira	3	5	2	5
Coherencia coa EDLP	3	5	3	5
PUNTUACIÓN TOTAL		20		15

Criterios de valoración para proxectos produtivos

Os criterios de valoración dos proxectos produtivos fan referencia ás características do territorio onde se promove o proxecto, ás características da persoa ou entidade promotora, á incidencia sobre a creación de emprego, á influencia de determinados factores do territorio e a aspectos relacionados con diferentes factores vinculados aos proxectos. A continuación se desglosan cada un dos criterios, establecendo a puntuación máxima que poden obter.

2. Características do territorio onde se promove o proxecto.

Este criterio proporcionará como máximo unha puntuación de 10 puntos. No caso de que un proxecto afecte de maneira directa a varios concellos ou núcleos de poboación, empregárase o criterio máis favorable como regra xeral. Este matiz aplicarase a todo tipo de proxectos. Os criterios que se terán en conta son indicadores económicos, demográficos e de emprego dos concellos.

1.1 Características económicas do concello onde se promove o proxecto

O criterio de referencia para facer a valoración será o Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2009 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Menor de 95	Paderne, Narón, Mugarodos	4
Entre 95 e 105	Ares, Fene, Neda, Miño, Pontedeume	3
Maior de 105	Ferrol, Cabanas	2
Puntuación máxima neste apartado		4

1.2 Características demográficas do concello onde se promove o proxecto

O criterio de referencia para facer a valoración será o Índice de envellecemento da poboación do ano 2016 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Máis de 300	Paderne	4
Entre 200 -299	Neda, Mugarodos, Fene	3
Entre 150 e 199	Cabanas, Ferrol, Ares	2
Menor de 150	Pontedeume, Miño, Narón	1
Puntuación máxima neste apartado		4

1.3 Características laborais do concello onde se promove o proxecto

O criterio de referencia para facer a valoración será a porcentaxe de paro rexistrado sobre a poboación de 16 a 64 anos, publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) en 2016.

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Máis do 14%	Ferrol, Mugar dos	3
Entre 12% e 13,9%	Fene, Ares, Neda, Narón	2
Menor do 12%	Pontedeume, Miño, Cabanas, Paderne	1
Puntuación máxima neste apartado		3

3. Características da persoa ou entidade promotora.

Este criterio proporcionará como máximo 15 puntos. Teranse en conta as características das persoas ou entidades promotoras priorizando en función das mesmas, co obxectivo de favorecer unha maior integración e cohesión social no territorio. Terase en consideración a súa pertenza ao sector pesqueiro (traballar ou desenvolver actividade profesional no mesmo). Unha das prioridades a maiores, á que se tentará dar resposta e priorizar, é a da promoción da igualdade e o reforzo da cohesión social nos territorios. Para isto preténdese favorecer a integración de determinados colectivos que por diferentes razóns teñen máis dificultades á hora de acceder ao emprego ou á hora de promover iniciativas.

3. CARACTERÍSTICAS DA PERSOA OU ENTIDADE PROMOTORA		15
3.1. O proxecto está promovido por unha persoa ou entidade vinculada ao sector pesqueiro		10
3.2. O proxecto está promovido por unha muller ou por unha entidade onde alomenos o 25% dos socios/as son mulleres, e/ou nos seus órganos de decisión teñen unha composición como mínimo tamén do 25%		5
3.3. O proxecto está promovido por unha persoa con discapacidade ou por unha entidade onde alomenos o 25% dos socios/as e/ou nos seus órganos de decisión teñen unha composición como mínimo tamén do 25%		5
3.4. O proxecto está promovido por unha persoa xoven e/ou por unha entidade onde alomenos o 25% dos socios/as e/ou nos órganos de decisión teñen unha composición como mínimo tamén do 25%		5
3.5. O proxecto está promovido por unha persoa ou entidade constituída por persoas integradas nalgún programa de inserción social e/ou en risco de exclusión social ou inmigrantes ou emigrantes retornados.		5
3.6. O proxecto está promovido por persoas maiores de 55 anos ou por entidades onde alomenos o 25% dos socios/as e/ou órganos de decisión teñen unha composición como mínimo tamén do 25%		5

4. Impacto sobre o territorio: económico, social, medioambiental, cultural.

Este criterio proporcionará como máximo 25 puntos. Os principais factores que determinarán a puntuación neste apartado son: que o proxecto desenvolvido incida na mellora das actividades relacionadas coa pesca e/ou marisqueo sen aumentar o esforzo pesqueiro; na formación e emprendemento e nas novas tecnoloxías TIC; medio ambiente e loita contra o cambio climático; turismo e patrimonio mariñeiro e conservación de elementos patrimoniais da zona costeira; servizos vinculados co Camiño de Santiago.

4. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO: ECONÓMICO, SOCIAL, MEDIOAMBIENTAL, CULTURAL		25
4.1. O proxecto desenvolvido incide na mellora das actividades relacionadas coa pesca e/ou marisqueo sen aumentar o esforzo pesqueiro, garantindo a sostibilidade e uso eficiente dos recursos mariños		10
4.2. O proxecto facilita a formación, así como novos medios TIC para os profesionais do sector; potencia proxectos emprendedores e apoia ao relevo xeracional no sector pesqueiro.		5
4.3. O proxecto está vinculado á preservación do medio ambiente, á loita contra o cambio climático, a potenciar a utilización de enerxías renovables ou mellorar a eficiencia enerxética.		5
4.4. O proxecto está vinculado á promoción e conservación de elementos patrimoniais da zona costeira.		5
4.5. O proxecto impulsa o turismo mariñeiro e potencia a profesionalización e desestacionalización do sector turístico e a integración de oferta para mellorar a súa competitividade, incluídos os servizos vinculados ao Camiño de Santiago.		5
4.6. O proxecto potencia a posta en valor do patrimonio mariñeiro e a recompilación da memoria mariñeira		5
4.7. Facilitar a implantación de iniciativas emprendedoras no territorio. Creación de nova empresa no territorio	3	5

5. Outros aspectos relacionados coas características do proxecto

Este criterio proporcionará como máximo 20 puntos. Este grupo de factores fai referencia a diferentes aspectos relacionados coas características e a natureza do proxecto que se vai a poñer en marcha. Valorarase a súa capacidade de innovación, o seu carácter integrador e a súa capacidade de transferencia

5. OUTROS ASPECTOS RELACIONADOS COAS CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO		20
5.1. Na actualidade non existe a actividade no concello onde se desenvolve o proxecto e/ou existe pero é insuficiente	2	5
5.2. O proxecto é innovador (novos/innovadores produtos, aplicacións de produtos, formas de explotación ou comercialización, incorporación de TIC).		5
5.3. Colaboración ou cooperación entre entidades do territorio, ou aproveitamento conxunto de recursos do mesmo		5
5.4. Capacidade de transferencia e capacidade de arrastre do proxecto (capacidade de transferencia no territorio; fóra do territorio e/ou capacidade de arrastre do proxecto)		5
5.5. O proxecto utiliza recursos endóxenos do territorio para realizar o investimento e/ou para a posterior comercialización dos produtos ou servizos		5
5.6. O proxecto utiliza as novas tecnoloxías para o desenvolvemento da súa actividade principal		5

6. Creación/mantemento emprego

Este criterio proporcionará como máximo 10 puntos. A creación de emprego, xunto coa cohesión social das zonas pesqueiras, é a principal finalidade que pretende abordar o FEMP. Os principais factores que determinarán a puntuación neste apartado son: que constitúan novos postos de traballo ou ben que supoñan a consolidación de empregos xa existentes. Valorarase a creación de emprego nos diferentes colectivos desfavorecidos.

6. CREACIÓN/MANTEMENTO DE EMPREGO		10
6.1. Por cada emprego novo creado 2 puntos ata un máximo de 8 puntos (que se acadará con 4 ou máis empregos creados novos)		8
6.2. Por cada emprego creado novo nos diferentes sectores de colectivos desfavorecidos (mulleres, mozos, discapacitados, inmigrantes,...) incrementarase cada un deles 1 punto máis a maiores, que se sumaran proporcionalmente cos do apartado 6.1.		4
6.3. Consolidación de emprego (1 punto por emprego consolidado)		4
TOTAL		100

A continuación detállanse os intervalos de puntuación para proxectos produtivos (haberá que chegar a 20 puntos como mínimo para obter financiamento). A porcentaxe de axuda máxima será do 50%, podendo chegar ata o 80% nalgúns casos tales como, operacións vinculadas á pesca artesanal.

Tamén no caso de confrarías de pescadores e asociacións profesionais do sector pesqueiro ou asociacións integradas polas entidades mencionadas, a porcentaxe de axuda poderá chegar ó 80%, cando a operación responda aos seguintes criterios: interese ou beneficiario colectivo ou ofrecer acceso público aos seus resultados.

O importe máximo de axuda non superará o 300.000 euros por proxecto.

Por último os proxectos produtivos que se abeiren no Regulamento (UE) nº1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado ás axudas de mínimos (DO L 352, do 24 de decembro), aplicaranse as porcentaxes anteriores e limitaranse a un máximo de 200.000 euros por promotor durante un período de tres exercicios fiscais.

INTERVALOS DE PUNTUACIÓN DE PROXECTOS	REGRA XERAL	EXCEPCIÓNS
De 20 a 25 puntos	25%	40%
De 26 a 30 puntos	30%	48%
De 31 a 35 puntos	35%	56%
De 36 a 40 puntos	40%	64%
De 41 a 49 puntos	45%	72%
>/= de 50 puntos	50%	80%

Criterios de valoración para proxectos non produtivos

Algúns dos criterios empregados para a valoración dos proxectos non produtivos son similares aos criterios para os proxectos produtivos, tales como os factores relacionados coas características do territorio, coas características das entidades promotoras e das persoas beneficiarias, a incidencia sobre determinados factores do territorio e por último, aspectos relacionados coas características do proxecto. Tamén haberá que ter en conta como nos proxectos produtivos, os criterios excluíntes como son a viabilidade técnica, a económica e a coherencia coa estratexia.

2. Características do territorio onde se promove o proxecto.

Este criterio proporcionará como máximo unha puntuación de 10 puntos. No caso de que un proxecto afecte de maneira directa a varios concellos ou núcleos de poboación, empregárase o criterio máis favorable como regra xeral. Este matiz aplicarase a todo tipo de proxectos. Os criterios que se terán en conta son indicadores económicos, demográficos e de emprego dos concellos.

1.1 Características económicas do concello onde se promove o proxecto

O criterio de referencia para facer a valoración será o Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2009 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Menor de 95	Paderne, Narón, Mugar dos	4
Entre 95 e 105	Ares, Fene, Neda, Miño, Pontedeume	3
Maior de 105	Ferrol, Cabanas	2
Puntuación máxima neste apartado		4

1.2 Características demográficas do concello onde se promove o proxecto

O criterio de referencia para facer a valoración será o Índice de envellecemento da poboación do ano 2016 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Máis de 300	Paderne	4
Entre 200 -299	Neda, Mugar dos, Fene	3
Entre 150 e 199	Cabanas, Ferrol, Ares	2
Menor de 150	Pontedeume, Miño, Narón	1
Puntuación máxima neste apartado		4

1.3 Características laborais do concello onde se promove o proxecto

O criterio de referencia para facer a valoración será a porcentaxe de paro rexistrado sobre a poboación de 16 a 64 anos, publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) en 2016.

CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Máis do 14%	Ferrol, Mugar dos	3
Entre 12% e 13,9%	Fene, Ares, Neda, Narón	2
Menor do 12%	Pontedeume, Miño, Cabanas, Paderne	1
Puntuación máxima neste apartado		3

3. Características da entidade promotora (privadas e públicas).

Este criterio proporcionará como máximo 20 puntos. Teranse en conta as características das entidades promotoras priorizando en función das mesmas, co obxectivo de favorecer unha maior integración e cohesión social no territorio. Terase en consideración a súa pertenza ao sector pesqueiro (traballar ou desenvolver actividade profesional no mesmo). Unha das prioridades neste apartado, é que preténdese apoiar aos proxectos promovidos por dúas ou máis entidades (concellos, asociacións, confrarías), co obxectivo de reforzar a cohesión, a vertebración e o impacto social das medidas que se vaian a poñer en marcha e aos proxectos de ámbito supramunicipal..

3. CARACTERÍSTICAS DA ENTIDADE PROMOTORA (PRIVADAS E PÚBLICAS)		20
3.1. O proxecto está promovido por unha entidade vinculada ao sector pesqueiro		10
3.2. Proxecto promovido de ámbito supramunicipal (que afecte a 2 o máis concellos)		5
3.3. Proxectos promovidos por dúas ou mais entidades (concellos, asociacións, confrarías,...)		5
3.4. O proxecto está promovido por unha entidade onde alomenos o 25% das persoas socias son mulleres, e/ou nos seus órganos de decisión teñen unha composición como mínimo tamén do 25%.		5
3.5. O proxecto está promovido por unha entidade do ámbito da discapacidade		5
3.6. O proxecto está promovido por unha entidade onde alomenos o 25% das persoas socias son mozas, e/ou nos órganos de decisión teñen unha composición como mínimo tamén do 25%		5
3.7. O proxecto está promovido por unha entidade constituída por persoas integradas nalgún programa de inserción social e/ou en risco de exclusión social ou inmigrantes ou enmigrantes retornados.		5
3.8. O proxecto está promovido por entidades formadas por persoas maiores de 55 anos onde alomenos o 25% dos socios/as e/ou órganos de decisión teñen unha composición como mínimo tamén do 25%		5

4. *Impacto sobre o territorio: económico, social, medioambiental, cultural.*

Este criterio proporcionará como máximo 25 puntos. Os principais factores que determinarán a puntuación neste apartado son: que o proxecto desenvolvido incida na mellora das actividades relacionadas coa pesca e/ou marisqueo sen aumentar o esforzo pesqueiro; na formación e nas novas tecnoloxías TIC; medio ambiente e loita contra o cambio climático; no turismo mariñeiro e conservación de elementos patrimoniais da zona costeira; servizos vinculados co Camiño de Santiago.

4. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO: ECONÓMICO, SOCIAL, MEDIOAMBIENTAL, CULTURAL		25
4.1. O proxecto desenvolvido incide na mellora das actividades relacionadas coa pesca e/ou marisqueo sen aumentar o esforzo pesqueiro, garantindo a sostibilidade e uso eficiente dos recursos mariños		10
4.2. O proxecto facilita a formación, así como novos medios TIC para os profesionais do sector; potencia proxectos emprendedores e apoia ao relevo xeracional no sector pesqueiro.		5
4.3. O proxecto está vinculado á preservación do medio ambiente, á loita contra o cambio climático, a potenciar a utilización de enerxías renovables ou mellorar a eficiencia enerxética.		5
4.4. O proxecto está vinculado á promoción e conservación de elementos patrimoniais da zona costeira.		5
4.5. O proxecto impulsa o turismo mariñeiro e potencia a profesionalización e desestacionalización do sector turístico e a integración de oferta para mellorar a súa competitividade, incluídos os servizos vinculados ao Camiño de Santiago.		5
4.6. O proxecto potencia a posta en valor do patrimonio mariñeiro e a recompilación da memoria mariñeira		5
4.7. Facilitar a implantación de iniciativas emprendedoras no territorio. Creación de nova empresa no territorio	3	5

5. *Outros aspectos relacionados coas características do proxecto*

Este criterio proporcionará como máximo 25 puntos. Este grupo de factores fai referencia a diferentes aspectos relacionados coas características e a natureza do proxecto que se vai a poñer en marcha. Valorarase a súa capacidade de innovación, o seu carácter integrador e a súa capacidade de transferencia, a colaboración ou cooperación entre entidades do territorio, ou aproveitamento conxunto dos recursos do mesmo. Uso de recursos do territorio...

5. OUTROS ASPECTOS RELACIONADOS COAS CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO		25
5.1. Na actualidade non existe a actividade no concello onde se desenvolve o proxecto e/ou existe pero é insuficiente	2	5
5.2. O proxecto é innovador (novos/innovadores produtos, aplicacións de produtos, formas de explotación ou comercialización, incorporación de TIC).		5
5.3. Colaboración ou cooperación entre entidades do territorio, ou aproveitamento conxunto de recursos do mesmo		5
5.4. Capacidade de transferencia e capacidade de arrastre do proxecto (capacidade de transferencia no territorio; fóra do territorio e/ou capacidade de arrastre do proxecto)		5
5.5. O proxecto utiliza recursos endóxenos do territorio para realizar o investimento e/ou para a posterior comercialización dos produtos ou servizos		5
5.6. O proxecto utiliza as novas tecnoloxías para o desenvolvemento da súa actividade principal		5

6. Colaboración entidades de formación, investigación e innovación

Este criterio proporcionará como máximo 5 puntos. Este grupo de factores fai referencia a diferentes aspectos relacionados co ámbito educativo e académico; programas de formación en xestión empresarial; formación especializada para os profesionais do mar.. Así como valórase a coordinación entre os diferentes axentes públicos e privados para a implantación de novas actividades no territorio.

6. COLABORACIÓN ENTIDADES DE FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN		5
6.1. Implicación do ámbito educativo e académico superior co desenvolvemento sostible do sector do mar. Desenvolvemento de formación especializada para os profesionais do mar.		5
6.2. O proxecto favorece a existencia de programas de formación en xestión empresarial no territorio para atender as necesidades das persoas emprendedoras que desexen asentarse no GALP. Colaboración e implicación dos centros formativos da zona, centros de investigación, universidades ou establecemento de redes.		5
6.3. O proxecto promove estudos de viabilidade para implantación de novas actividades no territorio. Coordinación entre diferentes axentes públicos e privados.		5

A continuación detállanse os intervalos de puntuación para proxectos non produtivos (haberá que chegar a 30 puntos como mínimo para obter financiamento). A porcentaxe de axuda máxima será do 50%, podendo chegar ata o 100% nalgúns casos tales como no caso de que a entidade beneficiaria sexa unha ou varias confrarías, concellos ou asociacións sen ánimo de lucro, e que ademais respondan aos seguintes criterios: interese ou beneficiario colectivo ou ofrecer acceso público aos seus resultados. O importe máximo de axuda non superará os 150.000 euros por proxecto.

INTERVALOS DE PUNTUACIÓN DE PROXECTOS	REGRA XERAL	EXCEPCIÓNS
De 30 a 35 puntos	25%	50%
De 36 a 40 puntos	30%	60%
De 41 a 45 puntos	35%	70%
De 46 a 50 puntos	40%	80%
De 51 a 59 puntos	45%	90%
> / = de 60 puntos	50%	100%